

SOÑO DE CINZA

Carlos Penela -quen xa tiña acadado os premios Espiral Maior e Lorenzo Baleirón- ofrécenos en *O que ardeu nos espellos* -accésit do Premio Esquíó- unha nova mostra do seu quefacer poético vencellada á presenza da memoria que é “*algo que paira aínda/ na devoración do vacío*” para crear “*horizontes de sal*” onde abrolla a dimensión culturalista que tan cara lle é. Así, os primeiros poemas son “*un soño de cinza e desaparicións*” a recordarnos a fragilidade da vida mentres que na parte titulada “Espellos” homenaxea aos creadores admirados: Rothko, Pizarnik, Pessoa...

Tempos Novos, 97, xuño 2005, p. 70